

CANGAS**A N U N C I O**

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, efectúase anuncio das resolucións recaídas nos expedientes de restauración da legalidade urbanística e sancionadores dictadas por esta Alcaldía relativas ás persoas ou entidades que se relacionan a continuación, xa que téndose intentado a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido realizar. Os interesados poderán comparecer no Negociado de obras deste Concello dentro dos dez días seguintes ó da publicación deste anuncio para coñecemento do contido integro da mencionada Resolución e constancia de tal coñecemento.

Transcorrido o dito prazo sen que fixera uso deste dereito, é de se-lo caso, continuarase coa tramitación do expediente.

Expte.	Interesado Enderezo coñecido	Obra	Lugar
75/07	Manuel Y. Osenje Valladares Estrada a Aldán, 44-Darbo	Reconstrucción Estructura e reforma interior	Seixo-Darbo
82/07	Ricardo Glez. Cayetano Liméns, 78-Hío	Casetas	Serra Poente
16/08	Aurea Pequeño Aboy A Paz, 10-6º F-Vigo	Casetas	Liméis-Hío
25/08	Roberto Sebastián Gómez Martínez Garrido, 69-Vigo	Muro contención	Nerga-Hío

Cangas, 13 maio de 2008—A Alcaldesa, Clara Millán González. **2008006975**

* * *

MEAÑO**A N U N C I O**

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 14 de abril de 2008 a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e elevado a definitivo o devandito acordo mediante acordo de data 20 de xuño de 2008, dando cumprimento ó art. 17.4 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fáise público o texto integro da devandita modificación:

“Exencións e bonificacións

1. Con carácter xeral as exencións e bonificacións da presente taxa estarán en función dos ingresos dos usuarios, da renda familiar e da valoración social, nos termos da tarifa.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota, que resulte de aplica-las tarifas reguladas no apartado de “Cotas/Tarifas” da presente Ordenanza, as persoas que se beneficien deste servizo e que teñan recoñecida, polo órgano competente da Xunta de Galicia, unha situación de dependencia valorada en calquera dos Graos e niveis. Esta bonificación será de aplicación en tanto persista a situación de dependencia valorada.

Entrada en vigor

A presente Modificación que afecta as “Exencións e Bonificacións” da Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 14 de abril de 2008, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra este acordo poderá interponerse Recurso Contencioso-Administrativo a partir desta publicación no BOP na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

Meaño, a 20 de xuño de 2008.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2008006951**

* * *

NIGRÁN

Aprobadas inicialmente polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 25.06.08, as modificacións da ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas, e da ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais; cumprindo o establecido no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, durante trinta días os expedientes administrativos referidos ás dúas modificacións citadas sométense a información pública e audiencia dos interesados aos efectos de presentación de reclamacións e suxerencias.

Nigrán, a 26 de xuño de 2008.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez. **2008007050**

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da Ordenanza de taxa por ensinanzas especiais nos estable-

cementos docentes do Concello (Asprodico), que queda elevada a definitiva unha vez rematado o período de exposición pública.

“Modifícase a ordenanza da seguinte maneira:

Tendo en conta que a última aprobación e do ano 2003 propónse unha subida do IPC acumulado do 6,4% (3,7 e 2,7) correspondente os dous últimos anos (2006 e 2007).

Ademáis propónse as seguintes modificacións adecuadas as demandas e os servizos prestados:

INTERVENCIÓN	Nº SESIÓN	TAXA
<i>Exploración e Diagnóstico:</i>		
Usuarios do servizo		0 euros
Externos		19,15 euros
<i>Orientación familiar:</i>		
Unha sesión quincenal		8,72 euros
Unha sesión semanal		17,46 euros
<i>Logopedia, atención temperá e apoio psicopedagógico</i>		
Unha sesión semanal		17,46 euros
Dúas sesións semanais		34,91 euros
Tres sesións semanais		52,37 euros

Terán unha deducción do 100% aqueles usuarios con ingresos ou renda familiar inferiores ó 85% do salario mínimo interprofesional.

O segundo irmán terá unha deducción do 20% no coste dos tratamentos de dous o máis sesións semanais.

O tercer irmán e seguintes terá unha deducción do 50%”.

Ponteareas, a 17 de xulño de 2008.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2008006980**

* * *

PONTECESURES

A N U N C I O

En cumprimento do establecido na Resolución de 1 de abril de 1997 (BOE 11/04/1997), pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos para a xestión e revisión do Padrón municipal de habitantes, procédese a publicación, para que sirva de notificación a dona Julia Gellert, que consta no Padrón municipal de habitantes do concello de Pontecesures e que é proposta para a súa baixa por inclusión indebida tras iniciarse expediente a instancia de parte.

A persoa indicada non foi posible efectuarlle a correspondente comunicación ao abeiro do artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

Administrativo Común, procedéndose á publicación de acordo co artigo 60 da mesma norma.

Para levar a cabo as xestións oportunas a fin de que o interesado presente as alegacións oportunas que xustifiquen a conveniencia ou non da citada baixa, establécese un prazo de quince días contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para persoarse nas oficinas do Concello de Pontecesures (Avda. do Concello, nº 1, 36830 - Pontecesures) a tal fin.

Transcorrido o citado prazo darase traslado do expediente ao Consejo de Empadramento do Instituto Nacional de Estatística para que informe ao respecto.

Pontecesures, 23 de xuño de 2008.—A Alcaldesa, María Isabel Castro Barreiro. **2008007060**

* * *

RIBADUMIA

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía D^a Beatriz López Piñón, licencia municipal para a apertura de clínica odontolóxica a situar en Rúa Mimosas, nº 2, de Barrantes, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ribadumia, a 9 de xuño de 2008.—O Alcalde, **2008006946**

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía D. Héctor González Martínez, licencia municipal para a apertura de instalación-reparación, venta e exposición de maquinaria agrícola a situar en Rúa Villaverde, nº 22, de Barrantes, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello,